

## Rexistro e Visado Traballos Profesionais

### REXISTRO INTERVENCIONS PROFESIONAIS

Os/As Colexiados/as deberán someter obrigatoriamente a Rexistro, todos os traballos en que interveñan no exercicio libre da profesión, o que non supón o control polo Colexio do contido do traballo profesional obxecto da encarga de calquera das intervencións (proxectos, dirección de obra e dirección de execución da obra, coordinacións de seguridade e saúde laboral en fase de proxecto e de execución, xestión de residuos, certificacións, informes, valoracións, ites, etc.)

### VISADO INTERVENCIONS PROFESIONAIS

O visado é un acto colexial que ten por obxecto:

- Comprobar a identidade do profesional, a súa titulación, a colexiación como exercente ou a súa situación como acreditado.
- Esixir ao profesional que no estea inhabilitado nin eivado por incompatibilidade legal algunha ou ningunha causa de prohibición para exercer e controlar que ten atribucións para o traballo de que se trate.
- Verificar a suficiencia e integridade formal da documentación correspondente ao traballo profesional.
- Outras constatacións estipuladas legalmente ou colexialmente.

#### Obrigatorio

É obrigatorio obter o visado colexial dos seguintes traballos profesionais:

- Proxectos de execución de obras do Grupo C do art. 2.1 da LOE.
- Certificado de final de obras do art. 2.1 LOE.
- Proxectos de legalización de edificios e os seus CFO.
- Proxectos de demolición, que non empreguen explosivos.

#### Voluntario

Con carácter voluntario e a petición informada do cliente, poden visarse todas as intervencións profesionais, calquera que sexa o seu contido ou natureza, e que se relacionen no apartado 2.1.

### REXISTRO E/OU VISADO INTERVENCIONS PROFESIONAIS

O Colexio como Corporación de Dereito Público dá fe das documentacións **registradas ou visadas** expedindo Certificacións ou Testemuños das mesmas, deixando constancia da súa data e contidos, asegurando o arquivo e custodia dos documentos presentados e que se integran no expediente do historial profesional do Colexiado, xerando efectos, entre outros eidos, no xudicial (certificacións, documentación), no académico (acceso a titulacións de grao master ou doutoramento), oposicións, concursos e contratacións das Administracións Públicas.

Consonte ao chantado na normativa vixente en Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os seus datos serán engadidos ao sistema de tratamento titularidade do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de Pontevedra (COATPO) con CIF Q3675003B e enderezo social sito na Praza de Portugal, 2 baixo - 36201 Vigo (Pontevedra), co obxectivo de poder tramitar a súa solicitude. En cumprimento da normativa vixente, o COATPO informa que estes datos serán conservados durante o período legalmente estipulado. Coa presente cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados, no caso de ser necesario, a todos os axentes interesados cos que sexa precisa a comunicación co obxecto de cumprir coa súa solicitude. O COATPO infórma-lle que procederá a tratar estes datos de maneira lícita, leal, transparente, axeitada, pertinente, limitada, exacta e actualizada. Poderá exercer os dereitos de acceso, que chanta a normativa vixente no eido de protección de datos, pode dirixir a súa petición a Praza de Portugal, 2 baixo - 36201 Vigo (Pontevedra) ou ben a través do correo electrónico [info@coatpo.es](mailto:info@coatpo.es).